

**Acta núm. 12/2026.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 4 de agosto de 2026.**

ASISTENTES:

Pablo Lago Sanmartín.
Sandy Marie Cebal Gómez.
María Rosa Romero Fariña.
José Antonio Vidal González.
Carlos Noya Pereira.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14:00 horas do 4 de agosto de 2026, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín, e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 11/2026, DO 21/07/2026.
 - 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRAS).
 - 3º) COMUNICACIÓN PREVIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.
 - 4º) LICENZAS DE OBRA MENOR.
 - 5º) LICENZA DE OBRA MAIOR.
 - 6º) PRÓRROGA DE LICENZAS DE OBRA MAIOR.
 - 7º) BONIFICACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS.
- FORA DA ORDE DO DÍA:
1. FESTIVOS LOCAIS 2027.
 - 8º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 11/2026, DO 21/07/2026.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 21.07.2026, acta núm. 11/2026.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRAS).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ÁLVARO VÁZQUEZ ARUFE, na que comunica que vai executar obras de substitución da cobertura do alpendre emprazado na parte traseira da parcela sita en Cabanas nº 13 – Os Ánxeles, por outra de idénticas características (tella cerámica curva).

Así mesmo, levaranse a cabo actuacións de mellora nas fachadas, consistentes no enfusado e pintado parcial dos muros de fábrica de bloque, así como no encintado da parte da fachada executada en mampostería segundo a memoria asinada en data 09.01.2025 polo arquitecto técnico José Manuel Vázquez Santamarina.

A parcela (referencia catastral 5136609NH2453N0001XG) onde se pretenden executar as obras está emprazada dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, a vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

-. Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 72,52 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 137,09 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por SARA DE MIGUEL MANDIÁ, na que comunica que vai executar obras de rehabilitación e mellora da envolvente vertical do edificio (fachadas), así como das terrazas do inmovible sito na Avda. de Noia, nº 56. As obras a executar segundo a memoria técnica asinada en data de 19.06.2026 polos arquitectos Andrea Montes González, Iago Montes González e Sara de Miguel Mandiá consisten en: o trasdosado das fachadas mediante un sistema de fachada ventilada, con incorporación de illamento térmico e revestimento cerámico sobre perfilaría metálica. Así mesmo, nas terrazas levaranse a cabo actuacións de mellora das condicións de impermeabilización, que incluírán a retirada e posterior recolocación do pavimento cerámico existente.

A edificación (referencia catastral 6147313NH2464N) na que se van executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, a vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

-. Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 3.153,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 3.217,57 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ROSA MARÍA VIDAL NIETO, mediante a que se comunica a execución de obras consistentes na substitución da cobertura de tella cerámica curva da vivenda sita na Avda. Vicente Ramos, nº 7, Os Ánxeles, así como da edificación anexa destinada a garaxe. Así mesmo, instalaranse dúas ventás sobre un dos faldóns da cuberta da vivenda.

A parcela (referencia catastral 7649404NH2474N0001TJ) sobre a que se vai actuar atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, a vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

-. Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 145,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 209,57 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ADRIÁN GARCÍA GARCÍA, mediante a que comunica que vai executar un peche de contención de terras na fronte dunha parcela situada na Avenida de Noia- Os Ánxeles, lindeira coa estrada autonómica AC-543, no P.K. 10+080 (marxe esquerda). O peche terá unha lonxitude de 16,36 metros lineais, conforme á planimetría achegada, e executarase mediante fábrica de bloque de formigón, revestida e pintada en cor branca, cunha altura máxima de 1,48 metros.

A parcela (referencia catastral 6044302NH2464S0001HZ) sobre a que se pretende actuar, atópase incluída nun ámbito clasificado polo PXOM como solo urbano e, parcialmente, como solo rústico apto para urbanizar (RAU). De conformidade co disposto na disposición transitoria primeira, a superficie afectada polo RAU está suxeita ao réxime de solo rústico de protección ordinaria. Así mesmo, a parcela sitúase dentro da zona de afección da estrada de titularidade autonómica AC-543.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización do Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas da Coruña de data 16/07/2026 (expediente IF204A/AC/2025/1226), e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. O peche deberá de afastarse como mínimo a 12,60 metros do eixo da estrada AC-543 e axustarse ás condicións impostas na autorización do Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas da Coruña de data 16/07/2026 (expediente IF204A/AC/2025/1226).

-. Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 43,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 107,57 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por José Manuel Carballal Veiga, que di actuar en representación de MERCEDES CAMIÑO NUÑEZ, na que comunica que vai executar obras de mantemento e conservación na vivenda sita en A Telleira nº 7 – Bastavales. As obras a executar consonte co proxecto técnico asinado polo arquitecto Jesús M. Carrillo Pena con data de 07.07.2026, consisten en:

- Substitución da cobertura existente de tella cerámica plana, aproveitando a estrutura existente de madeira, e instalando pranchas de fibrocemento e tella cerámica curva.
- Substitución da carpintería de aluminio en cor branca, por outra de PCV da mesma cor.
- Pintado da totalidade das fachadas da vivenda en cor branca.

A parcela (referencia catastral 9528802NH2492N0001IF) sobre a que se pretenden executar as obras está emprazada dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, a vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 30,00 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 94,57 euros.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Pablo Juárez Martínez, que di actuar en representación de JOSÉ MANUEL MARTÍNEZ RODRÍGUEZ na que comunica que vai instalar un sistema de aerotermia na vivenda sita en Brans de Abaixo nº 1- Brión. A instalación consonte coa memoria técnica asinada polo enxeñeiro técnico industrial Pablo Juárez Martínez, visado polo COGITI de Valencia (ref/VA07698/26), consistirá na instalación de aerotermia na vivenda, para proporcionar calefacción, refrixeración e auga quente sanitaria /ACS) á vivenda, empregando enerxía renovable provinte do aire exterior. O equipo componse dunha bomba de calor exterior, unha unidade interior + equipo de acumulación de ACS, sistema de refrixeración e mecanismos auxiliares.

A parcela (referencia catastral 6663947NH2466N0001OQ) sobre a que se pretenden executar as obras está clasificada como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-2.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A bomba de calor debe afastarse como mínimo a 3 metros dos lindeiros particulares da parcela.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 313,88 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 378,45 euros.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por María Nieves Dosil Pais, que di actuar en representación da ASOCIACIÓN DARREDOR, na que comunica que vai executar obras de

mellora das instalacións de climatización das cociñas instaladas no espazo colaborativo “Transformando en Brión”, sito na planta terceira do centro comercial Monte Balado – Os Ánxeles, consistentes na instalación de dúas bombas de calor e das correspondentes conexións á cuberta do edificio.

A edificación (referencia catastral 6449503NH2464N) sobre a que se pretenden executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 142,60 euros.
- .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 207,17 euros.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por NEMESIO ANTONIO PARDO CAMPAÑA, na que comunica que vai pintar as fachadas da vivenda sita en Sabaxáns nº 36-Bastavales e revestir o penal sur da mesma con chapa de pedra de 3 cms de espesor.

A edificación (referencia catastral 8017613NH2471N0001DS), na que se van executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM (UC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguinte condicións:

- As fachadas deberán quedar pintadas en tons preferentemente claros en consonancia coa guía de cores e materiais de Galicia.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 76,80 euros.
- .- Total: 76,80 euros.

i) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Pablo Santiso Castro, que di actuar en representación da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS RÚA DA FONTE 13, na que comunica que vai executar obras de reparación parcial da cuberta do edificio de vivendas sito na Rúa da Fonte nº 13 e da terraza anexa situada a nivel da planta baixa. As actuacións na cuberta consistirán na substitución parcial da cobertura de tella en mal estado, na impermeabilización das limas e na reparación das gretas existentes nos aleiros. Pola súa banda, as obras na

terraza comprenderán a substitución total do pavimento cerámico e da base de formigón que o soporta, así como a renovación da impermeabilización e das instalacións de sumidoiros, co obxecto de garantir o seu correcto funcionamento e a estanqueidade do conxunto.

A parcela (referencia catastral 6745109NH2464N) obxecto da actuación atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, a vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 212,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 276,57 euros.

TERCEIRO.- COMUNICACIÓN PREVIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

a) Deuse conta dunha comunicación previa presentada por JOSEFINA MARTA NIETO BENGOCHEA, na que comunica a primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar en Coruxido 55 – Bastavales.

Antecedentes:

1. En data 25.10.2017 a Xunta de Goberno Local concedeu licenza de obra maior a José María Sanz Piñeiro e Josefina Marta Nieto Bengoechea, para construír unha vivenda unifamiliar, en Coruxido núm.55 - Bastavales, segundo proxecto básico e de execución redactado polos arquitectos Salgado e Liñares, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 29/05/2017 e documentación complementaria visada o 25/09/2017.

2. En data 17.11.2020, a Xunta de Goberno Local concedeulle unha prórroga de tres anos para o remate das obras, coa condición de que a edificación sexa rematada exteriormente.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, e do certificado final de dirección de obra asinado polos arquitectos Alfonso Salgado Suárez e Francisco X. Liñares Tüñez, (SALGADO E LIÑARES S.L.P), con data 26.01.2020, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 30.06.2023, acorda por unanimidade:

1º) Tomar coñecemento e autorizar a primeira ocupación comunicada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa pola comunicación previa de primeira ocupación: 96,85 euros.

Total: 1.052,75 euros.

CUARTO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Elena Navarro Cuellas, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico (9,20 kw) a unha vivenda unifamiliar emprazada en Saíme 27 – Bastavales, abrindo unha gabia (22 ml), sobre vial municipal, consonte coa memoria técnica asinada polo enxeñeiro técnico industrial Antonio Javier Sabín Vázquez, asinada con data 07.07.2026.

A vivenda obxecto de subministro está dentro dun ámbito de solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza NRL-1, e situase na aldea de Saíme, que está integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada coa clave: XBE 3, e con nivel de protección estrutural, polo que as intervencións que se pretendan realizar nela deberán ser autorizadas polo concello mediante o procedemento establecido no artigo 142.2.b da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 261,28 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no Concello o 04/04/2022, r.e. 202200000000943.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 52,26 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 116,83 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Elena Navarro Cuellas, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico (9,20 kw) a unha vivenda unifamiliar emprazada en Bemil 38 – Bastavales, abrindo unha gabia (160 ml), sobre vial municipal, consonte coa memoria técnica asinada polo enxeñeiro técnico industrial Antonio Javier Sabín Vázquez, asinada con data 24.03.2026.

A vivenda (referencia catastral 7110909NH2471S0001MB) obxecto de subministro está dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural.

A presente actuación sitúase dentro do contorno de afección dun ben de interese cultural incorporado ao vixente PXOM, concretamente o Castro de Bemil/clave: GA 15013032.

A Xunta de Goberno Local, á vista da resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 17.07.2026 (Expediente: XTC-2026- 0693.AUI) e do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso

o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 2.302,15 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no Concello o 04/04/2022, r.e. 202200000000943.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 460,43 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 525,00 euros.

QUINTO.- LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Pablo Castro Pais, que di actuar en representación de ADRIANA ÁVILA UGALDE, solicitando licenza para a rehabilitación e ampliación dunha vivenda unifamiliar en Gronzo 4 – Brión, segundo proxecto básico e anexo, asinados polo arquitecto Pablo Castro Pais con data 05.03.2026 e 07.07.2026, sen visar.

A parcela onde se vai executar a obra (referencia catastral 4752905NH2445S0001PU) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural para áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1), dentro da zona de policía dun rego.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia de data 03.06.2026 (clave DH.W15.115344), e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Consonte co disposto no artigo 143.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o inicio das obras autorizadas esixirá a presentación no concello dunha comunicación previa, acompañada do correspondente proxecto de execución e da documentación complementaria que proceda (oficio de dirección da obra, oficio de dirección da execución da obra e nomeamento do coordinador de seguridade e saúde) nun prazo máximo de 6 meses contados desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

Coa devandita comunicación previa achegarase, ademais, un documento asinado pola persoa técnica que redactase o proxecto de execución, onde sinale que este se axusta e desenvolve as determinacións do proxecto básico que serviu para a concesión da licenza sen introducir modificacións substanciais.

Se o proxecto de execución modifica de forma substancial o proxecto básico autorizado, a persoa interesada deberá solicitar previamente a modificación da licenza outorgada coa documentación esixida, e non poderá iniciar a obra en tanto non a obteña.

Para estes efectos, terán a consideración de modificacións substanciais do proxecto básico os cambios de uso, así como aquelas que afecten de forma significativa ás condicións de volume e forma dos edificios, a posición e ocupación do edificio na parcela, a edificabilidade, as alturas, os retranqueos e a separación a linde, o número de vivendas, as condicións de seguridade e outras de incidencia análoga.

- A obra axustarase estritamente ao proxecto básico e anexo, asinados polo arquitecto Pablo Castro Pais con data 05.03.2026 e 07.07.2026, sen visar, e ás condicións impostas na autorización de Augas de Galicia de data 03.06.2026 (clave DH.W15.115344).
- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos necesarios para a apertura o regularización do viario preciso (16,88 m² asinados en documento administrativo), deberá aportar aval por un importe de 900,00 €, con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- Conectará cos servizos existentes no entorno da parcela; rede municipal de abastecemento, rede municipal de saneamento, sen conectar pluviais coas fecais, rede de electricidade e telefonía sen novos tendidos aéreos, soterrando e recuando postes, de ser o caso, e acondicionará a ampliación de vía para uso público no fronte da parcela, dispoñendo canle para paso das augas de escorrenta da cuneta – resolverase con tubo de PVC ou PP soterrado con diámetro non menor a 400mm e sumidoiros de recollida cada 20 metros. O pavimento contará cunha solución resistente no tempo coma formigón sobre base firma regularizada e executarase unha beirarrúa, de formigón armado coloreado, en cor laranxa con dosificación 5kg/m3.
- A obtención da licenza para a rehabilitación e ampliación da vivenda unifamiliar, non implica licenza para o peche, para o que deberá facer unha comunicación previa, segundo o artigo 142 da Lei 2/2016 do solo de Galicia.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza. No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. Os ditos prazos poderán prorrogarse a solicitude do titular da licenza sempre e cando a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso,

na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

-. Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de: 16,88 m², destinados a regularización do viario, previsto no artigo 24.2) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 29 de xullo de 2026.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) provisional: 2.952,03 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 109,05 euros.

Total: 3.061,08 euros.

SEXTO.- PRÓRROGA DE LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por ALBERTO FERRÓN BLANCO, na que solicita unha prórroga para remate das obras de construción dunha vivenda unifamiliar en Babenzo 61– Bastavales.

Antecedentes:

1. A Xunta de Goberno Local en data 04.07.2023 concedeu licenza de obras a ALICIA CASTRO REY, para a construción dunha vivenda unifamiliar en Babenzo 61 – Bastavales, segundo proxecto de execución asinado polo arquitecto Ignacio Piñeiro de la Torre, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 04.05.2023.

2.- A Xunta de Goberno Local en data 21.07.2026, tomou coñecemento e autorizou o o cambio de titularidade da licenza de obra concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de data 04.07.2023, para a construción dunha vivenda unifamiliar en Babenzo 61, Bastavales, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, quedando como novo titular ALBERTO FERRÓN BLANCO, quen queda subrogado en todos os dereitos e obrigas derivados do expediente.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder unha prórroga de 3 anos, contados desde o día seguinte ao da notificación deste acordo, para o remate das obras, coa condición de que a edificación sexa rematada exteriormente.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por VANESA LADO PAZOS, na que solicita unha prórroga para remate das obras de conservación dunha vivenda unifamiliar en San Salvador 10 – San Salvador de Bastavales.

Antecedentes:

1. A Xunta de Goberno Local en data 04.07.2023 concedeu licenza de obra a Vanesa Lado Pazos para as obras de conservación da vivenda unifamiliar situada en San Salvador nº 10 (parroquia de San Salvador de Bastavales), segundo proxecto básico e de execución asinado

polo arquitecto Vicente Rivas Negreira, visado con data 09.05.2023 polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder unha prórroga de 3 anos, contados desde o día seguinte ao da notificación deste acordo, para o remate das obras.

SÉTIMO.- BONIFICACIÓN PREZOS PÚBLICOS.

a) Deuse conta dunha solicitude de bonificación presentada por D.I.C., con rexistro de entrada no concello núm. 202600000001709, do 21.07.2026, na que solicita a bonificación do 100% da tarifa correspondente á participación do seu fillo I.G.I.C. na actividade de: concilia verán 2026.

Vista a proposta de bonificación do 100% da traballadora social do 22.07.2026, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a D.I.C., unha bonificación do 100% do prezo público por importe de: 88,00 euros, correspondente á participación do seu fillo nas actividades referenciadas, por atoparse a unidade de convivencia en situación valorada tecnicamente como de difícil integración, consonte co disposto no artigo 5.6 da ordenanza fiscal reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio.

2º) Dar conta deste acordo á tesourería e intervención municipais para o seu coñecemento, e ao Departamento de servizos sociais.

b) Deuse conta dunha solicitude de bonificación presentada por S.U.O., con rexistro de entrada no concello núm. 202600000001707, do 21.07.2026, na que solicita a bonificación do 100% da tarifa correspondente á participación dos seus fillos I.U.O., M.V. e I.U.O., M.A., na actividade de: concilia verán 2026.

Vista a proposta de bonificación do 100% da traballadora social do 22.07.2026, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a S.U.O., unha bonificación do 100% do prezo público por importe de: 136,50 euros, correspondente á participación dos seus fillos nas actividades referenciadas, por atoparse a unidade de convivencia en situación valorada tecnicamente como de difícil integración, consonte co disposto no artigo 5.6 da ordenanza fiscal reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio.

2º) Dar conta deste acordo á tesourería e intervención municipais para o seu coñecemento, e ao Departamento de servizos sociais.

FORA DA ORDE DO DÍA:

Consonte cos artigos 83 e 113 do R.O.F. e previa declaración de urxencia aprobada por unanimidade acordouse a inclusión do seguinte asunto na orde do día:

1. FESTIVOS LOCAIS 2027.

Dada conta da proposta da alcaldía do 03.08.2026, que transcrita di:

Visto o Decreto 68/2026, do 15 de xuño, polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2027, publicado no DOG do 02.07.2026, propoño á Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, a adopción do seguinte acordo:

1º) Declarar a urxencia do presente acordo ao abeiro do disposto no artigo 126 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo que do acordo adoptado darase conta á Comisión Informativa de Servizos, na primeira sesión que se celebre.

2º) Propoñer como festivos locais deste concello para 2027 as seguintes datas:

-. O xoves 6 de maio de 2027 (Día da Ascensión) e o luns 27 de setembro de 2027 (Santa Minia).

A Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade, acorda:

1º) Aprobar a proposta da alcaldía nos seus propios termos.

OITAVO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 14,25 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González